

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 21

SESION EXTRAORDINARIA DO 24 DE OUTUBRO DE 2011

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velooso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Bravo Bosch, M^a José
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, M^a Elvira
Relova Quinteiro, Roberto F.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e once minutos do día vinte e catro de outubro do ano dous mil once, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Font, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Velooso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día

remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Juan Ramón González Carnero.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: De acordo coa orde do día, iniciamos o Pleno extraordinario do Concello número 21, sesión extraordinaria, convocado por orde do día do 11 de outubro que obra en poder das señoras e señores concelleiros. Constátase quorum e ábrase sesión pública.

ÚNICO.(225). PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RESPECTO Á CREACIÓN E COMPOSICIÓN DUNHA COMISIÓN ESPECIAL DE INVESTIGACIÓN RESPECTO DA ACTUACIÓN DUN FUNCIONARIO MUNICIPAL E ALCALDE PEDÁNEO DE BEMBRIVE, ASÍ COMO DAS POSIBLES IRREGULARIDADES NAS OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO DO CONCELLO QUE SE TEÑEN DENUNCIADO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro xeral do Pleno do 6 de outubro de 2011, o Grupo municipal do Partido Popular presenta escrito asinado polos membros do devandito grupo Sres. e Sras. Figueroa Vila, Egerique Mosquera, Bernárdez de Dios, Araújo Pereira, Larriba Leira, Iglesias Bueno, Fidalgo Iglesias, en solicitude de realización de Pleno extraordinario, co seguinte contido:

“Nas últimas semanas o Concello de Vigo estase a ver cuestionado por diversas informacións aparecidas nos medios de comunicación a respecto da actuación do funcionario municipal e alcalde pedáneo de Bembrive, D. Roberto Ballesteros Costas.

Por isto e para manter ante a cidadanía o bo nome e a honorabilidade deste Concello, o Grupo municipal do PP, co fin de acadar o esclarecemento destes feitos, propón ao Pleno a creación dunha comisión que investigue as citadas acusacións.

A seguir e ao abeiro do artigo 46.2 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, o Grupo municipal do Partido Popular solicita ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo a convocatoria dun Pleno extraordinario da Corporación Municipal de Vigo co único punto da orde do día que figura no encabezamento. O secretario xeral do Pleno, con data 21 de outubro, emite o seguinte informe:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- LBRL. Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- ROP. Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo. BOP 17.12.2010

ANTECEDENTES

Na orde do día do Pleno Extraordinario convocado para o día 24 de outubro a petición de sete membros do grupo político municipal do Partido Popular, consta proposta de acordo referente a creación dunha comisión especial de investigación que teña por obxecto a actuación dun funcionario municipal e Alcalde pedáneo de Bembrive, así como das posibles irregularidades nas ofertas públicas de emprego do concello que se teñen denunciado.

OBXECTO DO INFORME

Emítese informe preceptivo ao amparo do sinalado no artigo 122.5.d) 2º da LBRL, ao esixir o acordo de creación da comisión de investigación do voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, artigo 51 Regulamento Orgánico do Pleno (ROP).

INFORME

Son comisións especiais as que o Pleno acorde constituír para un asunto concreto; extínguense á finalización do traballo encomendado e, en todo caso, á conclusión do mandato.

Ámbito de actuación da comisión: o que se estableza no acordo de creación no caso de se adoptar. O ámbito de actuación, en función da proposta presentada polo grupo. do PP, poderá ser: *“Investigación das posibles irregularidades existentes na tramitación/instrución da oferta pública de emprego e presunta participación nesas irregularidades dun funcionario municipal”*.

Composición: idéntica á prevista para as comisións permanentes, sen prexuízo de acordar na súa creación outra composición tamén ponderada.

A composición das comisións permanentes fixouse polo Pleno no acordo de creación, sesión do 8 de xullo. Acordouse que, ademais do alcalde como Presidente nato de todas elas, estiveran integradas por NOVE membros (4 do

grupo. do PP; 4 do grupo Socialista e 1 do grupo do BNG). O acordo aclara que no caso de que o alcalde presida a sesión, absterase de votar o vogal do seu grupo de menor idade. Actuará como secretario da comisión o secretario xeral do pleno.

No prazo dos dez días seguintes ao acordo de creación, os voceiros dos distintos grupos políticos municipais, mediante escrito dirixido ao alcalde presentado no Rexistro Xeral do Pleno, comunicarán os vogais titulares e suplentes que representarán o seu grupo na comisión.

O funcionamento da comisión así como o seu “plan de traballo” poderá acordarse na sesión constitutiva. En todo caso a comisión poderá elixir de entre os seus membros un vogal que desempeñe a presidencia efectiva da mesma proponendo tal presidencia o Alcalde-Presidente.

As conclusións da comisión poderán reflectirse nun ditame que poderá ser debatido e votado no Pleno, artigo 51.3 ROP.

A comisión, para o seu funcionamento, poderá solicitar dos servizos municipais a documentación que considere necesaria, así mesmo poderá requirir a presenza de calquera persoa para ser oída, non obstante esta presenza, a diferenza das comisións de investigación que se constitúen nas Cortes Xerais e nos Parlamentos Autonómicos, non é obrigada.”

DEBATE.- SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: O Grupo municipal do Partido Popular solicitou a realización deste Pleno extraordinario coa intención de propoñer ao resto dos grupos municipais a creación e composición dunha comisión especial de investigación que analice as denuncias recollidas en distintos medios de comunicación respecto da actuación dun funcionario municipal, así como das posibles irregularidades nalgún dos procesos examinadores da Oferta pública de emprego.

Nas últimas semanas o Concello de Vigo foi noticia a nivel local, autonómico e nacional por diversas informacións que provocaron un gran malestar entre a cidadanía. Do mesmo xeito supuxo un descrédito para os traballadores desta Casa, situación que os vinte e sete corporativos que aquí nos sentamos non podemos permitir baixo ningún concepto.

O feito de que estas denuncias públicas salpiquen a algún traballador do Concello non debe ser motivo de xeneralización, o que nos obriga a actuar con celeridade para restablecer o bo nome dos funcionarios. Exercer a nosa responsabilidade no caso de existiren algunha irregularidade na forma de proceder, así como corrixir calquera incidencia inadecuada nos procesos examinadores, supón unha

competencia que debe exercer o goberno e que o levaría, de seren preciso, a iniciar o procedemento.

As informacións das que dispoñemos fálannos da intervención da Fiscalía, da Garda Civil, do Valedor do Pobo e do Alcalde de Vigo en última instancia en trámites administrativos, asinando un decreto de traslado e paralizando un proceso examinador, actos que como mínimo xeran incerteza diante da sociedade, demostrando que algo está sucedendo. Ademais de coñecer estas actuacións, a esixencia por esclarecer as denuncias públicas lévanos ao pedimento dunha comisión de investigación integrada por todos os grupos políticos que trate de resumir nas súas conclusións a aclaración do realmente acontecido.

Os funcionarios do Concello de Vigo non teñen por que soportar comentarios e descualificacións que se verten dende o exterior dirixidos á actividade do Concello, poñendo en tea de xuízo o traballo cotiá que cada día desenvolven 1.350 traballadores públicos neste Concello.

Dende o Grupo municipal do Partido Popular entendemos que debería ser o goberno municipal e non a oposición do Partido Popular quen tomase a iniciativa en aras á creación desta comisión como máximo responsable da xestión municipal. Malia iso, agardamos que non se produza ningunha fisura na votación e que a responsabilidade de todos nos leve atender as voces dos funcionarios e veciños de Vigo reclamándonos que analicemos os feitos recollidos nos medios de comunicación e, de seren preciso, tomar cartas no asunto.

Repito e reitero que temos a obriga de restablecer a honorabilidade, credibilidade e eficacia de todos os funcionarios do Concello de Vigo.

SRA. VELOSO RÍOS: Dende o BNG estamos completamente de acordo coa oportunidade de crear esta comisión de investigación porque o BNG sempre aposta pola transparencia e legalidade de todos os procedementos das ofertas públicas de emprego en calquera das administracións. Pensamos polo tanto que neste caso existe unha sospeita dalgunha irregularidade que está sendo investigada.

Os grupos municipais que estamos aquí representando á cidadanía tamén temos

que ter a oportunidade de facer un seguimento desas investigacións e de estar informados e informadas de como se desenvolven para garantir a total transparencia e legalidade deste procedemento como dende o BNG sempre pensamos que ten que ser. Nós pensamos tamén, como xa expresou agora o concelleiro do Partido Popular, que non vai haber diferencias nesta votación, que será aprobada a creación desta comisión por unanimidade porque así o expresou xa o alcalde no anterior Pleno.

O que si nos gustaría engadir a este acordo é que, vista a tardanza da execución dos acordos plenarios por parte do goberno municipal porque máis dun acordo plenario, tamén aprobado por unanimidade nos Plenos anteriores e xa non estou falando do Pleno do mes pasado senón mesmo do anterior, aínda non foron executados, algo que ao BNG nos está preocupando seriamente. Por iso quereríamos engadir que neste caso, ademais de aprobar a creación desta comisión de investigación, se fixase un prazo de tempo para convocar a primeira xuntanza. É dicir, que hoxe de aquí saíamos co acordo de crear unha comisión de investigación que se xunte por primeira vez convocando aos grupos municipais no prazo máximo dunha semana para poder garantir así que o acordo tomado hoxe no Pleno municipal, por unanimidade dos tres grupos políticos que estamos aquí representados, se execute nun prazo razoable e non que teñamos que estar agardando a ver cando se executa por fin ese acordo plenario como nos está pasando con outros acordos que aquí xa se tomaron.

SR. LÓPEZ FONT: Coido que debemos centrar a petición do Partido Popular e debemos ser todos conscientes de que o que estamos abrindo é unha comisión de investigación sobre o traballo e a función dun auxiliar administrativo na Xerencia de Urbanismo, un funcionario que non ten nin responsabilidades políticas, nin executivas en Urbanismo porque non as tivo. O seu traballo no Concello de Vigo é diferente doutras responsabilidades políticas que poida ter e polo tanto, se do que se fala é de responsabilidades políticas, evidentemente se deberían esixir noutro ámbito.

É posible que aquí o Partido Popular tente encubrir outros intereses, pero coido que este é un apartado que hai que deixar suficientemente claro.

Sr. Bernárdez, fala da transparencia, da legalidade e de poñer en valor a honorabilidade dos funcionarios. Isto é o que fixo o goberno. A actuación do goberno municipal foi inmediata. A apertura dun trámite de información reservada, dilixencias informativas, fíxose ao día seguinte de ter información pola prensa. É un trámite que levan os funcionarios, non se leva no ámbito político. É un trámite no que debemos deixar traballar e que xa se está estudando polos funcionarios.

Gustárame que vostedes que teñen unha dobre vara para medir as cousas, cando dende o Grupo Socialista se pediu unha comisión de investigación no SERGAS, tivesen a mesma actitude que mantiveron aquí.

A actuación do goberno foi inmediata. Onde se pida transparencia e legalidade estaremos nós. A actuación da oposición foi a de sempre, absolutamente carroñera, Sr. Bernárdez, e vostede mentiulle á prensa o día 19 de setembro dicindo que se presentara por escrito unha solicitude de Pleno extraordinario cando era completamente falso. De feito para o Pleno do 26 de setembro se realizou a Xunta de Voceiros e vostedes non presentaron o escrito. É evidente que este tema lles interesaba para crear lea e barullo porque presentan a moción por urxencia no Pleno do 26 de setembro. Non podía ser no Pleno do 31 de outubro? Non, interesáballes nese momento.

A época de ilegalidades en Urbanismo e en materia de Persoal rematou con este goberno, son doutra época que vostede coñece moi ben, Sr. Bernárdez. Nós, como xa manifestamos, estamos a favor de chegar ata as últimas consecuencias, non vaia ser, como din algúns, que estean vostedes precisamente detrás de todas estas cousas. Imos investigar en Urbanismo e tamén en materia de Persoal porque moitas das denuncias sobre a oferta de emprego e demais xa están arquivadas pero procede investigar sobre como foron noutras épocas determinadas ofertas de emprego, como accederon a postos de traballo públicos no Concello de Vigo ou na Deputación concelleiros que hoxe sentan aquí. Iso sería bo. Polo tanto coido que constituíndo esta comisión efectivamente sairán á luz determinadas cuestións. É paradoxal que existindo con anterioridade tantas épocas de ilegalidades en Urbanismo e en materia de Persoal, o Partido Popular nunca pedise ningunha comisión de investigación e pídese agora.

Coido que todos debemos ser responsables do que dicimos e que finalmente se debe facer unha reflexión relativa a esas épocas de ilegalidades en materia de Urbanismo e de Persoal. A pregunta que lles hai que lanzar aos cidadáns é, cantas comisións se deberían ter aberto? Cantas comisións de investigación por Finca do Conde, pola paralización dunha campaña electoral feita dende a Alcaldía deste Concello gastando diñeiro público? A resposta é moi sinxela: posiblemente moitas e nesas comisións de investigación algúns dos concelleiros que se sentan nas bancadas do Partido Popular deberían ter sido investigados.

Nós votaremos a favor da creación da comisión de investigación e, como hai que coller bos exemplos, farémolo de acordo coas normas que ten a Deputación de Pontevedra. Polo tanto, como xa anunciamos, o noso voto a favor.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Sr. López Font, imos, non. Hai que investigar e se hai dúas causas abertas nestes momentos de información reservada nesta Casa é porque hai que investigar. A comisión que se vai constituír ten o deber de coñecer esa información reservada para que nos sirva para aclarar aos cidadáns como goberna o Partido Socialista en minoría neste Concello.

Vou repetilo unha vez máis porque o teño escrito para non me confundir: temos a obriga, non nós, todos os que aquí nos sentamos de restablecer a honorabilidade, a credibilidade e a eficacia dos 1.350 traballadores deste Concello que o próximo ano serán 1.347. Nada máis.

A PRESIDENCIA: Procedemos á votación da proposta do Grupo Popular sobre a creación e composición dunha comisión especial de investigación respecto da actuación dun funcionario municipal e alcalde pedáneo de Bembrive, así como das posibles irregularidades nas ofertas públicas de emprego do Concello que se teñen denunciado.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Sr. Alcalde, lembre a emenda do BNG.

A PRESIDENCIA: Hai unha normativa para regular estas comisións que o secretario me acaba de transmitir e seguirase escrupulosamente.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Antes da votación, unha cuestión de orde. O Grupo do BNG, logo do que acaba de expresar a nosa concelleira, Sra. Veloso, quere saber cal é ese regulamento. Coido que non haberá ningún problema en que se nos explique en que tempo e forma se ten que convocar esta comisión.

SR. SECRETARIO DO PLENO: O Regulamento do Pleno no seu artigo 51.2 di que a composición desa comisión “rexerase con carácter xeral polo disposto para as comisións permanentes”, é dicir, como vostedes ben saben, terá nove membros, catro representantes do Grupo político municipal do Partido Popular, catro do Grupo Socialista e un do BNG.

En canto á constitución, o artigo 49.1 d) do mesmo regulamento di: “A adscrición á cada comisión dos concelleiros ou concelleiras e dos suplentes que deberán formar parte dela en representación de cada grupo realizarase mediante escrito do voceiro dirixido á Presidencia e presentado na Secretaría Xeral no prazo dos dez días seguintes á realización da sesión plenaria de creación da comisión”. É dicir, hoxe dende Secretaría nos dirixiremos aos voceiros para que co prazo límite do día 5 de novembro nos digan cales son os representantes de cada grupo nesa comisión. A partir de aí, será o presidente nato da comisión quen convoque a primeira sesión constitutiva.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Visto este informe, Sr. Secretario, non existe en absoluto ningún impedimento en que este Pleno aprobe a nosa proposta xuntamente coa que presenta o Partido Popular e diga que no prazo máximo de dez días se convoque esta comisión. Non hai ningunha ilegalidade en que o Pleno aprobe a nosa proposta.

A PRESIDENCIA: Gustaríame vela emenda por escrito antes de votar.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Que haxa un receso no Pleno e entregámoslla agora mesmo por escrito.

A PRESIDENCIA: Faise un receso de cinco minutos.

Neste intre, sendo as once horas e vintedous minutos, interrómtese a sesión plenaria. Continua a sesión sendo as nove horas e vinteseite minutos.

A PRESIDENCIA: Continúase o Pleno. Recíbese a seguinte emenda: “D. Santiago Domínguez Olveira, no nome do Grupo municipal do BNG, propón a seguinte emenda para lle engadir á proposta do Grupo do Partido Popular: “Que unha vez designados os membros da comisión de investigación, esta sexa convocada no prazo máximo dunha semana”.

Como se admite a emenda polo grupo propoñente, procedemos a votar a inclusión da emenda do Grupo do BNG como addenda á proposta do Grupo Popular e, de seren aceptada, votaremos as dúas cuestións relacionadas.

Emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, durante o curso do debate:

Que unha vez designados os membros da comisión de investigación, esta sexa convocada no prazo máximo dunha semana.

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a emenda formulada polo Sr. Domínguez Olveira transcrita anteriormente.

A presidencia somete a votación a proposta do Grupo municipal do Partido Popular coa inclusión da emenda formulada polo Grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- A creación e composición dunha comisión especial de investigación respecto da actuación dun funcionario municipal e alcalde pedáneo de Bembrive,

así como das posibles irregularidades nas ofertas públicas de emprego do Concello que se teñen denunciado.

Segundo.- Unha vez designados os membros da comisión polos diferentes grupos municipais, a devandita comisión convocarase no prazo máximo dunha semana.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e trinta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.